


CEIP ALEXANDRE RODRÍGUEZ CADARSO. NOIA
PROGRAMACIÓN CICLO EDUCACIÓN INFANTIL
CURSO 2021-2022



ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1.- Introducción e contextualización..... | 3 |
| 2.- Programación xeral do ciclo: obxectivos e contidos | 4 |
| 2.1.-Área I: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal..... | 4 |
| 2.2.-Área II: Coñecemento do contorno..... | 8 |
| 2.3.-Área III: Linguaxes: comunicación e representación..... | 12 |
| 3.- Contribución ás competencias básicas | 16 |
| 4.- Educación en valores | 19 |
| 5.- Metodoloxía | 20 |
| 5.1.- Organización espazo-temporal | 22 |
| 5.2.- Recursos materiais e humanos | 24 |
| 6.- Relación familia-escola | 24 |
| 6.1.- Colaboración coas familias | 24 |
| 7.- Atención á diversidade | 25 |
| 7.1.- Atención aos alumnos con NEAE | 25 |
| 8.- Avaliación: procedementos, técnicas e criterios..... | 26 |
| 8.1.- Avaliación da intervención educativa | 27 |
| 8.2.- Avaliación do alumnado | 27 |
| 8.3.- Criterios de avaliación | 27 |
| 9.- Contribución do ciclo a plans do centro | 29 |
| 9.1.- Plan lector | 29 |
| 9.2.- Plan Tics | 31 |
| 9.3.- Plan de convivencia | 32 |
| 10.- Anexos | 34 |
| 1.- Plan de Acolida de Educación Infantil | 35 |
| 2.- Entrevistas coas familias | 42 |

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Debido á situación xerada pola COVID-19, esta programación partirá do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 do noso centro no que se reflicten cambios en canto as normas de organización e funcionamento do centro (modificación do horario de entradas e saídas, recreos, uso de instalacións, rutinas de hixiene e aseo, celebracións das conmemoracións e outras actividades complementarias que se viñan celebrando no centro...). Ademais, no apartado da metodoloxía recolleranse os distintos escenarios de actividades lectivas presenciais, semi presencial ou non presencial.

A programación que se presenta a continuación vai dirixida ao alumnado do segundo ciclo de educación infantil do **CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso** .

Este ciclo está formado por tres unidades mixtas de 3, 4 e 5 anos cada unha:

- Infantil A un aula de vinte nenos/as de 3, 4 e 5 anos.
- Infantil B un aula de vinte un nenos/as de 3, 4 e 5 anos.
- Infantil C un aula de dezaioito nenos/as de 3, 4 e 5 anos.

O centro ten **horario de xornada continua** que se distribúe da seguinte maneira, de 9:30 a 14:30.

Tamén conta con servizos complementarios de transporte escolar e Departamento de Orientación. Ademais continúaase co proxecto plurinfantil, DOG 64 do 3 de abril de 2018 pola que se nos concedeu a participación no programa plurilingüe no segundo ciclo de Educación Infantil (plurinfantil), onde o mestre especialista en inglés impartirá tamén a área de psicomotricidade en dito idioma. O programa será apoiado pola auxiliar de conversa.

A maioría dos nenos/as os que vai dirixida a programación pertencen a unha clase socioeconómica media , cuxas familias dedícanse en moitos casos a actividades relacionadas co sector industrial aínda que destacan tamén familias que se dedican a traballos domésticos e pesqueiros.

Son nenos e nenas que pertencen o medio rural galego sendo a lingua máis utilizada nos seus ambientes familiares o galego polo que tal e como se dispón no *decreto 79/2010 DO 20 de plurilingüismo* a lingua vehicular da aula será o galego en dúas das aulas e castelán na outra ; de todas formas non

esqueceremos introducir ós nenos e nenas na outra lingua oficial de Galicia, o castelán. Ademais atenderemos de forma individualizada a aqueles alumnos/as do grupo que non coñezan suficientemente ben a lingua materna predominante. Cos 19 nenos/as de tres anos que se incorporan por primeira vez e dous de 4 anos levouse a cabo con eles o **período de adaptación**. Este período está regulado pola orde do 22 de xullo do 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria, pola Orde do 25 xuño de 2009 pola que se desenvolve a implantación e avaliación do 2º ciclo de educación infantil e pola orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 na CCAA de Galicia, no que se recolle que este curso o período de adaptación será ata o día 21 de setembro inclusive. Así durante os primeiros días levarase a cabo unha flexibilización de horarios e agrupamentos nas aulas. Para este período contaremos coa colaboración das familias xa que foron informados no momento da matrícula a través dun díptico informativo que se lle entregou a cada unha delas (**ver anexo 2: plan de acollida**) e na reunión celebrada antes do comezo das clases.

Deste xeito, para poder levar a cabo a programación e adaptala así as características concretas dos alumnos/as ós que vai dirixida, deberemos partir dende un primeiro momento dun coñecemento detallado de cada un deles /as a partir da reunión inicial que realicemos coas familias dos nenos/as e así, partir sempre da **avaliación inicial** que será a que guíe a intervención educativa .(**ver anexo 1)**

Pois ben, unha vez contextualizada a programación dentro do noso centro educativo estableceremos a continuación os obxectivos e contidos que pretendemos que os nenos/as alcancen e traballen o longo do curso escolar 2021-2022.

Tanto os obxectivos como os contidos que presentamos son xerais e a hora de alcanzalos deberemos ter en conta que están dirixidos a nenos e nenas de niveis diferentes por iso teremos que adaptalos as posibilidades e características de cada un deles

2. PROGRAMACIÓN XERAL DO CICLO: OBXECTIVOS E CONTIDOS

2.1. ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, identificando e respectando os dos outros.
- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.
- Aprender a respectar as diferenzas.
- Descubrir as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos e valorando as posibilidades e as limitacións propias e as dos demais.
- Comprender e aceptar as regras de xogo, participando na súa regulación e valorando a súa necesidade.
- Aplicar a coordinación viso- motora e as habilidades manipulativas en actividades gráficas, adaptando o ton e a postura ás características do obxecto e da acción.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Adquirir e aplicar hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, de axuda e de colaboración, evitando comportamentos de submisión e de dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e de benestar emocional.
- Pedir e aceptar axuda nas situacións que a requiran.

- Coñecer e aceptar as normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe

Contidos:

- O corpo humano: exploración.
- O esquema corporal: situación e representación.
- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.
- Lateralidade: dereita- esquerda.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo.
- Identificación, expresión e denominación de emocións e de sentimentos, propios e alleos, e o seu control progresivo.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación e características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

Criterios de avaliación:

- Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo, global e sectorialmente, manifestando confianza nas súas posibilidades, e respecto e aceptación polas características dos demais.
- Representar a figura humana.
- Identificar os sentidos e as súas funcións.
- Expresar e denominar emocións e sentimentos.
- Amosar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.

Bloque 2. Xogo e movemento

Contidos:

- Gusto polo xogo.
- Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo.
- Valoración da súa necesidade.
- Control postural: o corpo e o movemento.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Exploración e valoración das posibilidades e das limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Labirintos e a súa resolución.
- Realización de actividades grafomotrices.

Criterios de avaliación:

- Participar nos xogos, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas de carácter fino, e regulando a expresión de sentimentos e de emocións que provoca a propia dinámica dos xogos.
- Colaborar na elaboración das regras de xogo e respectalas.
- Resolver labirintos.
- Realizar grafos con precisión progresiva.

Bloque 3.A actividade e a vida cotiá

Contidos:

- As actividades da vida cotiá, a súa situación no tempo.
- Iniciativa e progresiva autonomía.
- Normas que regulan a vida cotiá.
- Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo e de observación.

- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración, e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

Criterios de avaliación:

- Realizar, autonomamente e con iniciativa, actividades habituais e para satisfacer necesidades básicas.
- Manifestar progresivamente hábitos de organización, de atención, de iniciativa e de esforzo.
- Amosar habilidades de axuda aos demais: xenerosidade.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde

Contidos:

- Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación, vestido, descanso e aceptación das normas de comportamento establecidas.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran e a súa valoración.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Valoración axustada dos factores de risco, actitude tranquila e colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.

Criterios de avaliación:

- Consolidar progresivamente hábitos de coidado persoal: hixiene, saúde e benestar.
- Amosar un aspecto persoal coidado.

- Respetar as normas de seguridade.
- Previr accidentes.
- Participar e colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

2.2. ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos:

- Observar e explorar de forma activa os obxectos do seu medio, percibindo atributos e calidades, coidándoos e respectándoos.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente, actuando sobre elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, de clasificación, de orde e de cuantificación.
- Utilizar a serie numérica para contar obxectos e elementos do medio e tomar conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Medir o tempo, rexistrando a data no calendario e situar temporalmente actividades da vida cotiá.
- Observar e explorar de forma activa o seu medio familiar, natural e social, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural, os cambios e as transformacións que se producen, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.
- Gozar das actividades en contacto coa Natureza, valorando a súa importancia para a saúde e benestar.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.

- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Coñecer características, producións culturais, valores e formas de vida dos compañeiros doutros países próximos á súa experiencia, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.
- Recoñecer algúns sinais de identidade cultural do medio e participar con interese en actividades sociais e culturais.

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida

Contidos:

- Atributos e calidades de obxectos e materias presentes no medio: grande/mediano/pequeno, longo/curto, ancho/estreito, aberto/pechado, rápido/lento, pesado/ /lixeiro.
- Actitude de respecto e de coidado.
- Situación de si mesmo e de obxectos no espazo: dentro/fóra, arriba/abaixo, enriba/debaixo, preto/lonxe.
- Identificación de formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo, ovalo.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos: cubo, cono, esfera.
- Achegamento á cuantificación de coleccións/conteo, á clasificación, á ordenación, á seriación...
- Cuantificadores: moito/pouco, máis/menos; metade, igual que/ca, tantos como/coma, maior/menor.
- Produto cartesiano.
- A serie numérica ata o 10: cantidade, grafo e a súa funcionalidade.
- Composición e descomposición dos 9 primeiros números.
- Regretas.
- Os números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º.
- Primeiro e último.
- Situacións problemáticas: suma e resta...

- Estimación intuitiva e medida do tempo, situación temporal de actividades: antes/despois, mañá/tarde/noite, onte/hoxe/mañá, historietas, o calendario e o rexistro da data, os días da semana.

Criterios de avaliación:

- Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.
- Discriminar e comparar algunhas magnitudes.
- Cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica e das regrestas.
- Identificar e nomear propiedades de obxectos: forma, cor, tamaño, peso, estado.
- Manexar as nocións espaciais: dentro/fóra, arriba/abaixo, preto/lonxe, enriba/debaixo... e temporais: antes/despois, á mañá/á tarde....
- Identificar cantidade e grafo dos 10 primeiros números. Realizar os seus grafos.
- Identificar os números ordinais ata o 5º.
- Resolver situacións problemáticas de sumas e de restas sinxelas.
- Rexistrar a data no calendario. Nomear os días da semana.

Bloque 2. Achegamento á Natureza

Contidos:

- Identificación de seres vivos e materia inerte como o sol, a auga, a terra, o aire, os animais e as plantas.
- Valoración da súa importancia para a vida humana.
- As estacións do ano e as súas características.
- Observación dalgunhas características, comportamento e funcións dos seres vivos: animais e plantas.

- O ciclo vital das plantas e dos animais.
- Animais en distintas zonas: de axuda e de compañía, herbívoros e carnívoros.
- Conservación e protección da Natureza.
- Gozo en actividades ao aire libre.
- Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e reflexo no calendario.
- O día do medio ambiente.

Critérios de avaliación:

- Interesarse polo medio natural, identificar e nomear algúns dos seus compoñentes como animais, plantas, os elementos naturais de vida e establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á Natureza e participar en actividades para conserva-la.
- Nomear as estacións do ano e as súas características.
- Rexistrar o tempo atmosférico.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade

Contidos:

- A familia e o colexio como primeiros grupos sociais.
- A rúa.
- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade: profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas.
- Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar e resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade: interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.

- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio e interese por participar neles.

Criterios de avaliación:

- Identificar e coñecer grupos sociais moi próximos: a familia e o colexio, a rúa.
- Respetar as normas de seguridade na rúa e nos transportes.
- Identificar profesións e respectalas.
- Amosar habilidades sociais e resolver conflitos.
- Respetar os nenos doutras culturas e interesarse polos seus costumes, bailes, comidas típicas, lingua...
- Participar en feitos culturais do seu medio.

2.3. ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos:

- Desenvolver habilidades comunicativas utilizando a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e de gozo, de expresión de ideas e de sentimentos, valorando a lingua oral como medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e de adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto a propia coma a dos demais.
- Comprender e reproducir algúns textos literarios, amosando actitudes de gozo e de interese.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas.
- Iniciarse no coñecemento e na utilización dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación, tomando conciencia progresiva da necesidade dun uso moderado.
- Gozar das actividades realizadas nestes medios e facer unha valoración crítica.

- Desenvolver habilidades comunicativas, expresando e comunicando emocións, sentimentos, desexos e ideas, mediante a linguaxe plástica e musical, e realizando actividades de representación e de expresión artísticas e musicais, mediante o emprego de diversas técnicas, de diversos materiais e do propio corpo.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas e musicais, gozando da súa observación, escoita e interpretación.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais, discriminando os seus trazos distintivos e algúns contrastes básicos.
- Desenvolver habilidades comunicativas, descubriendo e experimentando con xestos e con movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participar en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e xogos de expresión corporal.

Bloque 1. Linguaxe verbal

Contidos:

- Utilización da lingua oral para comunicar e para expresar ideas, pensamentos e desexos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e con respecto.
- Uso dun léxico preciso e variado.
- Estruturación gramatical correcta.
- Entoación e pronunciación clara.
- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos populares e contos creados para cada Unidade.

- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras.
- Segmentación de palabras en sílabas.
- Achegamento ao uso da lingua escrita.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado.

Criterios de avaliación:

- Expresarse oralmente con claridade.
- Comprender mensaxes orais diversas, relatos, producións literarias, descrições..., amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Discriminar o número de sílabas das palabras.
- Discriminar sons semellantes.
- Ler e interpretar: imaxes, palabras, pictogramas e títulos de contos.
- Amosar interese polos textos escritos.

Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

Contidos:

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación (teléfono, radiocasete, gravadora, vídeo, cámara de fotos, ordenador, impresora...).
- Achegamento e valoración de producións audiovisuais.

Criterios de avaliación:

- Coñecer e utilizar algúns medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Distinguir entre realidade e ficción.
- Facer un uso moderado dos medios e das tecnoloxías.

Bloque 3. Linguaxe artística

Contidos:

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo...).
- Identificación das cores e das súas tonalidades.
- Obras de arte e musicais: observación, interpretación, escoita e gozo.
- Expresión e comunicación de feitos e de emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e dos seus contrastes.

Criterios de avaliación:

- Identificar cores e as súas tonalidades, texturas, liñas.
- Observar, escoitar e gozar con obras de arte e musicais.
- Expresarse a través de obras plásticas e musicais, utilizando diversas técnicas e materiais e gozar con elas.
- Identificar sons e gozar do canto e da danza, seguindo o ritmo.

Bloque 4. Linguaxe corporal

Contidos:

- Utilización de xestos e de movementos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiáns.
- Participación e gozo en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

Criterios de avaliación:

- Expresarse a través do corpo e dos movementos.
- Participar con agrado nas dramatizacións e nas danzas.

- Amosar unha actitude relaxada.

3. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias están estritamente ligadas a toda a vida e experiencia dos nenos/as e adquírense, polo tanto, ao longo das diferentes etapas educativas.

Estas competencias non se asocian directamente a ningún área, senón que deben traballarse de xeito global, a través de pequenas achegas e na adquisición de distintos coñecementos, habilidades e actitudes.

1. Competencias en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

A continuación detallamos como contribuír a cada unha delas:

Competencia en comunicación lingüística

- escoita activa
- diálogo
- empatía
- expresión de ideas
- expresión de emocións
- Etc

Competencia matemática

- Representación
- Interpretación
- Dedución

- Procesos de razoamentos
- Cálculo
- Solución de problemas
- Etc

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Predicións
- Recollida de información
- Manexo de elementos científicos
- Observación de cambios
- Plantexamento de hipóteses
- Actitude investigadora e respectuosa
- Análise de fenómenos

Tratamento da información e competencia dixital

- Traballo colaborativo
- Desenvolvemento do traballo persoal e autónomo
- Ferramenta de traballo e de ocio
- Desenvolvemento de hábitos
- Etc

Competencia social e cidadá

- escoita activa
- Negociación
- Respecto aos principios e valores
- Resolución de conflito mediada e consensuada
- Diálogo para a comprensión e a solución de problemas
- Comprensión das diferenzas culturais
- Etc

Competencia cultural e artística

- Cooperación
- A creatividade como valor
- Participación activa na vida cultural

- Coñecemento de técnicas e recursos
- O respecto por outras formas de pensar
- Expresión e comunicación en códigos artísticos
- Desenvolvemento da imaxinación e a creatividade
- Etc

Competencia para aprender a aprender

- Memoria
- Observación
- escoita activa
- Autorregulación
- Organización
- Aceptación de erros
- Expresión lingüística
- Etc

Autonomía e iniciativa persoal

- Traballo en equipo
- Concentración
- Consenso
- Búsqueda de alternativas

4. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación debe promover a autonomía do alumnado tanto nos aspectos intelectuais e cognitivos, como no desenrolo social e moral. Esta autonomía culmina na construción da propia identidade, no afianzamento dun autoconcepto positivo e na elaboración dun proxecto de vida vinculado a valores. De esta forma contribuiremos a formación de persoas que se caractericen polos seguintes valores:

- Na propia identidade
 1. Autoestima e seguridade persoal, con lúcida conciencia autocrítica.

2. Independencia liberdade madura, sentido da responsabilidade, capacidade de afrontar as situacións con criterios propios de resolver os problemas con flexibilidade creativa.
3. Capacidade de amar, de dar e recibir afecto sen vinculacións de dominio ou dependencia.
4. Bondade, integridade, disposición para manter normas de conduta persoal e de traballo coherentes coas propias conviccións.
5. Apertura ó cambio, a formación permanente, a unha maior realización persoal.
 - Na relación cos demais
 1. Respetto por todas as persoas, manifestados nun trato acolledor e cordial, en sentimentos profundos de estima, dispoñibilidade e amizade.
 2. Aprecio do grupo humano ó que se pertence, da súa historia e a súa cultura; respecto polas diferentes formas de pensar e polas distintas sociedades e culturas, é dicir, tolerancia e talante democrático.
 3. Sentido de xustiza e solidariedade, preocupación polos problemas dos individuos da sociedade, actitudes de servizo e de compromiso en defensa dos dereitos humanos, dos máis vulnerables, da paz, da vida...
 - En la relación co contorno
 1. Conciencia de que o patrimonio natural e sociocultural é un ben común, que beneficia ó conxunto da sociedade, polo que merece respecto e coidado.
 2. Valoración crítica das aportacións da técnica e da ciencia para aumentar a calidade de vida, e aprecio da súa función ó servizo do ser humano.
 - Apertura a transcendencia
 1. Interese por descubrir o sentido da vida e da historia.
 2. Confianza na persoa e en todas as súas posibilidades.
 3. Percepción das aspiracións máis profundas do corazón humano e das limitacións da realidade para satisfacelas.

4. Recoñecemento dos interrogantes que plantexa a vida e o mundo, da insuficiencia das respostas técnicas e científicas, e de que ningunha ciencia explica a realidade totalmente.

Dende a escola estamos levando a cabo un programa de **merendas saudables**, no cal cada día da semana traen un tipo de merenda: luns froita, martes bocadillo de friame, mércores lácteos, xoves galletas, biscoitos...e venres merenda libre. Con isto estamos fomentando hábitos de alimentación saudable, hixiene, benestar e saúde persoal

5. METODOLOXÍA.

Á hora de falar da metodoloxía, como ben comentamos na introdución, teremos en conta os escenarios de actividade lectiva, presencial, semi presencial ou non presencial. Así, o método alternativo para a comunicación coas familias e manter a actividade a distancia, será a través de diferentes plataformas dixitais: clasdojo, aula virtual, AbalarMobil, Webex, ...

A hora de decidir a metodoloxía que empregamos na aula teremos en conta diferentes principios:

Globalización. Entendida como unha actitude fronte ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Preténdese estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que cando os nenos/as realizan unha actividade poñen en marcha mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de creatividade,...

Aprendizaxe significativa. É o proceso polo que se relaciona a nova información con coñecementos xa existentes na estrutura cognoscitiva do suxeito. Débese ter en conta que os contidos sexan significativos tanto desde o punto de vista da súa estrutura interna que deben ser coherentes, claros e organizados, como desde o punto de vista do suxeito que aprende xa que é preciso partir dos coñecementos previos que posúe e que lle van a permitir abordar as novas aprendizaxes.

Afectividade. Os nenos/as necesitan saberse queridos para sentirse seguros. A seguridade que lles dá o sentirse queridos contribúe dun xeito positivo á formación dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmos.

Socialización. É o proceso polo que o neno/a aprende a interiorizar elementos socioculturais, intégraos na estrutura da súa personalidade e adáptase e participa no entorno sociocultural onde vai vivir. Debe entender que existen dereitos e deberes.

Metodoloxía activa. Esta metodoloxía busca que o neno/a sexa o verdadeiro protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe, procurárase que observe, experimente, analice e teña unha actitude crítica ante as diversas situacións que se lle presenten.

Individualidade. Cada neno/a é diferente no seu proceso de desenvolvemento, nos seus gustos, intereses,...todo isto hai que telo en conta nas actividades, xa que cada neno/a vai enfrontarse e a desenvolverlas dun xeito diferente segundo sexan as súas propias características.

Outros aspectos que teremos en conta son:

Aprender a aprender. Proporcionaráselles os medios e recursos para que cheguen a adquirir os coñecementos por eles mesmos.

Partir do **xogo** como a actividade principal da etapa buscando socialización.

Potenciar a **autonomía** nos nenos/as cunha intensa actividade física e mental. Buscar unha boa relación coas **familias** para conseguir unha eficacia educativa.

Ter en conta a importancia da **imitación** para realizar aprendizaxes.

Coidar os **espazos**, que deben ser funcionais e adecuarse ás necesidades dos nenos/as de exploración e outros usos diferentes.

A organización do **tempo** debe ser flexible adecuándose ós ritmos dos nenos/as.

Ofertar variedade de **materiais** para que poidan elixir, desenrolen a autonomía e interioricen normas e actitudes de orde, responsabilidade do seu coidado e organización (hábitos).

A **avaliación** debe concibirse como unha reflexión acerca da realidade educativa que teña incidencia na practica educativa introducindo as modificacións necesarias para mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

A **intervención** educativa debe ter un carácter preventivo e compensador, evitando que aparezan dificultades de aprendizaxe ou intervindo canto antes no caso de que se produzan.

O enfoque que se segue na aula é o construtivista, ó longo do curso levaranse a cabo proxectos, secuencias didácticas,... tamén se desenvolverán diariamente diferentes actividades: calendario, traballo por recunchos,...

5.1 Organización espazo-temporal

Para a organización espazo temporal tomouse como referencia o protocolo COVID adaptado ao noso centro.

Existen tes aulas considerada cada unha como un grupo estable no que a súa vez hai subgrupos de non máis de cinco alumnos.

As aulas adaptaranse as necesidades de exploración dos nenos/as así como a variedade de usos que poidan ter ó longo da xornada. Por tal motivo as aulas distribuiranse en zonas diferenciadas pola actividade ou polos encontros de moitos ou poucos nenos/as. En calquera caso os espazos serán funcionais.

A distribución das aulas farase en recunchos, uns fixos e outros cambiantes dependendo da temática que se traballe na aula..

Con respecto ó tempo o horario será un recurso flexible, permitindo momentos de actividade, xogo e descanso, adaptándonos así as características e ritmo do alumnado. Partimos dunhas rutinas diarias coas que pretendemos dar seguridade ós nenos/as, xa que prevén o que vai suceder e ademais estímúlase a súa autonomía.

Con respecto ós *agrupamentos*, volvemos contar con aulas mixtas dos tres niveles xa que consideramos a riqueza das interaccións e procesos de ensino-aprendizaxe que se producen nestas aulas e moi beneficioso para o alumnado.

A forma de traballo son os *proxectos de investigación* que supoñen unha forma de traballo na que a alumna ou alumno é o protagonista absoluto da súa aprendizaxe combinado con espazos preparados de aprendizaxe, obradoiros,...

O proxecto comeza cun diálogo entre os nenos e a mestra, no que cada un, libremente e respectando as quendas de fala, explica e razoa aqueles temas ou aspectos xerais que lle gustaría investigar. A mestra, durante tódalas conversas, toma nota de todo o que se di para despois transcribilo. Unha vez que tódolos

nenos/as explicaron o que queren investigar e porque, a mestra fai un relato de tódolos temas que se nomearon, e procédese a facer unha votación para elixir o que imos investigar. Se hai empate, os nenos/as que dixeron eses temas, terán que intentar convencer aos seus compañeiros/as do interese que ten investigar o seu tema, para así conseguir desfacer o empate. Se non fose posible, decidirá a mestra. Unha vez elixido, redactamos unha carta para pedir materiais ou calquera tipo de información sobre o tema elixido ás familias.

Durante uns días estaremos recibindo materiais das familias, que iremos colocando no recanto do proxecto. Todos lemos, observamos, comentamos e discutimos sobre os materiais e a información que temos. Pola súa parte, a mestra elabora unha serie de fichas ao respecto, que se farán nas correspondentes sesións do proxecto. As actividades, as experiencias, ..., van xurdindo ó longo do proxecto, non se programan dende o primeiro día. Igualmente, non existe unha temporalización exacta para cada proxecto, xa que, dependendo da motivación dos nenos/as, dos materiais conseguidos, da implicación das familias, ..., terá máis ou menos duración, que se decidirá a medida que se desenvolven as investigacións.

Cada aula realiza os seus propios proxectos e outras veces levamos a cabo proxectos cun tema común na que participamos todos os grupos.

A lóxica – matemática traballarase dándolle prioridade aos seus aspectos funcionais e máis relacionados coa vida cotiá dos nenos/as.

Este traballo farase seguindo a proposta didáctica do método en cuestión: traballo coas rutinas (pasar lista, relato, calendario, tempo atmosférico....), resolución de problemas que xorden na aula, as matemáticas a través da arte...

A lectura e escritura traballarase seguindo un enfoque CONSTRUTIVISTA.

Seguirase o ritmo evolutivo de cada alumno/ en concreto.

5.2. Recursos materiais e humanos

Para levar a cabo esta programación didáctica contamos cunha serie de recursos materiais, ambientais e humanos que consideramos imprescindibles.

Os materiais deben estar accesibles e dispoñibles para todos os nenos/as.

- Humanos: profesores-titores, profesor de apoio, profesores especialistas en música, inglés, psicomotricidade e relixión, profesor de audición e linguaxe

- Ambientais: aulas cos aseos, zonas exteriores, patio cuberto, aula de música, biblioteca, departamento de orientación.
- Materiais: de refugallo, informático, audiovisual, curricular, ...

6. RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

6.1. Colaboración coas familias

É de suma importancia a actitude próxima e dialogante do educador coas familias, xa que a educación dos nenos/as é competencia de pais e de docentes. A colaboración debe ser o máis fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e de mutuo respecto.

O intercambio de información debe darse por ambas partes: por parte do docente á familia, para informalos das actividades que se realizan no centro, da actitude do neno/a e das súas relacións, dos problemas que xurdan; por parte da familia ao centro sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno/a, da súa actitude na casa, se hai algunha necesidade especial que debe atenderse, etc.

O intercambio de información producirase de diversas formas:

– **Reunións grupais informativas** con todas as familias do grupo, que tratarían de aspectos xerais, organización, horarios, obxectivos e contidos que se van impartir, actividades extraescolares que requiran a conformidade e o acompañamento dos pais, orientacións pedagóxicas, etc. Nestas xuntanzas, as familias coñécense e toman contacto entre elas.

– **Entrevistas individuais:** son imprescindibles para obter información xeral sobre o neno, os datos básicos familiares e as expectativas que a familia ten sobre o seu fillo; así como para transmitir información por ambas as dúas partes sobre a avaliación ou problemas puntuais que poidan xurdir. Estas reunións deberán facerse por vía telemática.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade está presente no alumnado e no proceso de ensinanza-aprendizaxe. A educación debe ser individualizada e axustarse ás características

de cada un dos nenos/as, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas seguindo a teoría das intelixencias múltiples, o seu medio familiar, problemática, etc.

Por todo isto, o docente debe ser flexible na aplicación do currículo e nos medios empregados, xa que terá que ir adaptándoos á diversidade do alumnado e á situación concreta de cada clase.

É de suma importancia para poder atender a cada un segundo as súas necesidades, e para establecer un clima de aceptación e de apoio mutuo entre os nenos/as.

7.1. Atención a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo

O concepto de necesidades específicas de apoio educativo fai referencia o alumnado implicado ademais de ao contexto, ás persoas que actúan co suxeito, aos materiais, ao proceso de aprendizaxe...

Neste momento contamos co seguinte alumnado que presenta NEAE:

Un neno con NEE matriculado en 5º curso que flexibilizou o primeiro ciclo de infantil e conta cunha AC.

Unha nena procedente do estranxeiro de 6º curso con descoñecemento das dúas linguas oficiais que forma parte dun grupo de adquisición de linguas.

Un neno de 5º curso pendente de estudo xenético e conta con informe médico de retraso xeral do desenvolvemento así mesmo está pendente de avaliación polo DO.

Contamos con varios alumnos/as valorados e pendentes de valoración por parte da especialista de AL. Outros están recibindo intervención pola súa parte.

Outro alumnado está pendente de ser valorado por parte do DO.

Pasos previos:

O primeiro que temos que facer é informarnos das características psicopedagóxicas do alumnado que temos matriculado na clase, a través dos informes que obren no seu expediente e da súa historia escolar, se a tiver.

Cando temos un alumno que se considera puidese ter NEAE e necesítase dunha atención especial e non tivese diagnóstico, derivarase ao Departamento de Orientación para a súa valoración. E, se necesítase unha adaptación curricular, realizarase co apoio do profesor de Pedagogía terapéutica ou Audición e linguaxe, e o Departamento de Orientación.

Para todo isto teremos en conta a lexislación vixente que regula a escolarización de alumnado con NEAE.

Cando se detectaban estas necesidades o protocolo que se segue é o seguinte:

1º Comunicación por escrito ao departamento de orientación das dificultades atopadas

2º Avaliación diagnóstica do neno/a se a orientadora o considera oportuno.

3º No caso de realizar a avaliación diagnóstica reunión coa titora e os pais do neno/a avaliado.

4º Aplicación de medidas por parte dos titores para axudar a mellorar e resolver o problema detectado.

5º Asistencia a aula de apoio por parte do alumnado con necesidades en caso de considerarse necesario.

8. AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS, TÉCNICAS E CRITERIOS

A avaliación é un elemento curricular de primeira orde para valorar o proceso educativo e o compoñente imprescindible para coñecer o nivel evolutivo en que se atopan o neno e a nena. A avaliación debe ser obxectiva, axeitada, clara, medible e comparable con un mesmo e a súa evolución. A forma de realizar a avaliación é a través da observación das condutas do neno e do proceso educativo, co fin de reaxustar o proceso ensinanza-aprendizaxe á situación concreta de cada alumno, tal e como se establece na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación exprésase en termos cualitativos e nunca cuantitativos, a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos e nenas e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais fontes ou técnicas de información do proceso avaliativo.

Ó longo do curso realizaranse as seguintes sesión de avaliación: unha avaliación inicial e tres ao longo do curso. De xeito que a avaliación, nesta etapa, se caracterizará por ser global, continua e formativa.

8.1. Avaliación da intervención educativa

As intencións educativas que guían a intervención educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe requiren a miúdo para a súa verificación dun reaxuste dos contidos do currículo, dos medios e dos recursos, co fin de axustalos ás características individuais dos nenos. Entendéndoos como tal, debemos preguntarnos como lle benefician ao neno o espazo, os materiais e a actuación do docente.

A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor sobre o neno ou as súas actividades, senón, máis ben, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

8.2. Avaliación do alumnado

A maneira de realizar a avaliación é a observación das condutas do neno e o proceso educativo nas múltiples situacións que se producen ao longo da xornada escolar. Abranguerá diferentes ámbitos: como explora e manipula os obxectos, como se manexa no espazo, como se relaciona cos demais nenos, as súas habilidades sociais... Trátase de recoller toda a información referente ás distintas condutas e situacións significativas que nos axuden a coñecer mellor a personalidade do neno, co fin de incidir sobre elas e melloralas.

8.3 Criterios de avaliación e promoción.

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- ❖ Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes na súa persoa e nas demais.
- ❖ Adaptar as súas respostas motrices a distintas situacións da vida cotiá.
- ❖ Recoñecer os sentidos e identificar e interpretar as súas percepcións.
- ❖ Construír unha autoimaxe e autoconcepto positivo.
- ❖ Identificar semellanzas e diferenzas nas persoas e mostrar unha actitude de respecto cara a diversidade.
- ❖ Identificar e manifestar as emocións propios e alleos.
- ❖ Participar en xogos tanto de maneira individual como colectiva amosando habilidades motoras e aceptando as normas que os rexen.

- ❖ Resolver con autonomía e de forma coherente as actividades da vida cotiá participando activamente nelas e aceptando as normas.
- ❖ Manifestar hábitos saudables de alimentación, hixiene e saúde.

Coñecemento do contorno

- ❖ Explorar os obxectos e elementos do contorno, e recoñecer os seus atributos e calidades.
- ❖ Agrupar, clasificar e ordenar elementos do contorno segundo os criterios dados.
- ❖ Empregar os números de forma funcional nas diferentes situacións da vida cotiá.
- ❖ Resolver problemas relacionados con situacións reais.
- ❖ Recoñecer e identificar aspectos xeométricos básicos do seu entorno.
- ❖ Utilizar diferentes nocións básicas espaciais e temporais.
- ❖ Interesarse polo medio natural e os seus cambios manifestando actitudes de coidado, respecto e curiosidade.
- ❖ Interesarse polos grupos sociais mais significativos do seu contorno e identificar as súas características e as normas que os rexen.
- ❖ Recoñecer e participar nas manifestacións culturais próximas e doutras realidades mostrando unha actitude de respecto e curiosidades.

Area de linguaxes, comunicación e representación.

- ❖ Utilizar e comprender a linguaxe oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva.
- ❖ Amosar unha actitude activa, participativa e positiva para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- ❖ Amosar interese polos distintos textos escritos presentes no seu entorno.
- ❖ Iniciarse na produción de diferentes textos escritos con distintos propósitos e intención comunicativas.
- ❖ Mostrar unha actitude de gozo e escoita activa ante a lectura de diferentes tipos de textos.
- ❖ Utilizar a biblioteca con unha actitude de coidado e respecto.
- ❖ Expresarse e comunicarse utilizando diferentes linguaxes artísticos e audiovisuais.

9. CONTRIBUCIÓN DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL AOS PLANS DE CENTRO

9.1. Plan lector

Na biblioteca da aula temos libros de imaxes e outros con texto sinxelo, o alumnado os pode manipular e facer lectura visual de maneira que secuencializan, estruturan o espazo, desenvolven o gusto pola lectura e responsabilízanse do seu uso e coidado aumentando tamén o seu vocabulario.

1.- Dáse un tempo diario para que o alumno/a se familiarice cos libros, presentándoos de forma atractiva, agradable, divertida; pídeselles que miren, consulten libros e documentación que traen de casa seleccionados coa axuda da súa familia propiciando a relación pai/nai-fillo/a no desenvolvemento da motivación pola lectura.

2.- Conversas sobre os libros e contos.

3.- Levan préstamos de libros da biblioteca para ler e visualizar na casa. Foméntase ademais do hábito de lectura a necesidade de responsabilizarse con algo que non é seu. Esta actividade adaptarase ao protocolo COVID.

4.- Hora do conto.

OBXECTIVOS

- Adquirir interese pola escoita de contos e pola súa posterior reprodución.
- Amosar interese pola aprendizaxe de manifestacións orais de carácter popular (poesías, adiviñas, refráns, etc).
- Interpretar imaxes dos contos acompañadas de pequenos textos escritos, establecendo unha relación entre ámbolos dous.
- Interpretar pictogramas referidos a obxectos concretos.
- Identificar palabras significativas, tales como o seu nome e o dos compañeiros.
- Manifestar interese polas producións escritas a través do manexo de libros ilustrados.

A consecución destes obxectivos levarase a cabo a través dunha serie de estratexias, tales como:

MOMENTO DO CONTO: Rutina diaria na que se conta un conto ou se traballa sobre el; diálogo a partir do conto, modificacións sobre o mesmo, representación, etc.

IDENTIFICACIÓN DAS LETRAS DO SEU PROPIO NOME : Todos os días se escribe a data no encerado, escóllese a inicial do día da semana ou outra letra que o alumnado debe buscar no seu nome.

RECUNCHO DA BIBLIOTECA: Nas aulas de E. Infantil, un dos recunchos é o da biblioteca onde se atopan libros á disposición do alumnado para que podan ollar en certos momentos.

PRÉSTAMO DE LIBROS: o alumnado pode levar un libro para que llo lean na casa durante a fin de semana.

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA: En colaboración co Concello estase a levar a cabo unha campaña para motivar ó alumnado cara á lectura e cada certo tempo veñen escritores de literatura infantil, para compartir os seus libros co alumnado.

9.2. Plan Tics

Entendemos o emprego das Tics nas nosas aulas de infantil para:

- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e favorecer a aprendizaxe: uso do rato, teclado, pc, tablet, scanner, encerado dixital interactiva, cámara dixital, impresora e demais hardware educativo.
- Iniciarse no uso de programas informáticos sinxelos.
- Montaxes dixitais en diferentes formatos: power-point, Illustrator, Flash,...
- Visualización de vídeos na rede sobre experimentos e experiencias educativas.
- Aprendemos o uso da fotocopiadora, impresora en 3D.
- Xogos educativos de diferentes portais educativos: xunta de Galicia, jclick..
- cds musicais como centro e acompañamento do traballo en aula.
- Películas de diferentes temáticas.

9.3. Plan de convivencia

Aprender a vivir xuntos e aprender a convivir cos demais constitúe un reto para a escola do século XXI. A convivencia dentro dos centros constitúe un factor de calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Para acadar o principio básico de convivencia que a escola debe perseguir debemos formar ao noso alumnado no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia. Só así poderá garantir o exercicio da cidadanía democrática suxerido no preámbulo da LOE.

Para garantir que isto sexa levado a cabo nos centros elabórase o plan de convivencia no que ten que estar implicada toda a comunidade educativa.

No Plan de Convivencia aparecen as normas de convivencia do centro:

- As que regulan o coidado e utilización dos materiais e instalacións da aula e espazos comúns do centro.
- As que regulan a convivencia na aula e no centro.
- As que regulan a actividade académica na aula.
- As que regulan a realización de actividades fora do centro.

No Plan de convivencia tamén aparecen unhas estratexias de prevención que o ciclo de educación infantil terá en conta. Algunhas das estratexias son:

- 1.- Elaboración, aprobación e posta en marcha do Plan de Convivencia.
- 2.- Dar a coñecer o Plan de Convivencia ó alumnado, mediante o coñecemento das normas de convivencia que van a regular a convivencia na aula e no centro.
- 3.- Dar a coñecer o Plan de Convivencia ás familias, mediante reunións a comezo de curso, entrega de trípticos e outras iniciativas.
- 4.- Concienciar as familias de que a súa colaboración e participación co profesorado e necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.
- 5.- Concienciar ós alumnos de que a súa colaboración e participación e necesaria para o desenvolvemento dunha boa convivencia no centro.

6.- Potenciar determinadas condutas positivas no alumnado para lograr unha boa convivencia no centro. Por exemplo, a celebración do día da Paz.

7.- Favorecer o contacto entre alumnos/as de diferentes cursos con diversas actividades, como poden ser: sesións de vídeo, saídas culturais, actividades conxuntas no centro, etc.

Tamén aparecen no plan de convivencia uns procedementos específicos de actuación que se Terán en conta a hora de solucionar diferentes situación, conflitos, ... que se xurdan no ciclo.

ANEXOS

ANEXO 1

ENTREVISTA INICIAL - E. INFANTIL

CEIP Alexandre Rodriguez Cadarso

Curso 2021/22

DATOS PERSOAIS

Nome alumno: _____ Data de

nacemento: _____

Nome da

maí: _____

Profesión: _____

_____ Idade: _____

Nome do

pai: _____

Profesión: _____

_____ **Idade:** _____

Persoa titora

legal: _____

Profesión: _____

_____ **Idade:** _____

Situación familiar actual:

Persoas que convivan no mesmo

domicilio: _____

Domicilio:

Teléfono: _____

Móbil _____

Outros teléfonos de contacto.

1º _____ Persoa de
contacto _____

2º _____ Persoa de
contacto _____

3º _____ Persoa de
contacto _____

Nº de irmás/irmáns: _____ **Lugar que ocupa:** _____

Nomes das/dos que estean no centro:

PERSOAS PRESENTES NA ENTREVISTA

Nai Pai Outras _____

HÁBITOS

ALIMENTACIÓN:

Cómo come?

Amosa algunha intolerancia alimentaria?

SONO:

Horas de sono que precisa

Alteracións do sono

Con quen durme

HIXIENE:

Amosa autonomía no aseo

si non

Colabora no propio aseo e vestido

si non

Ten que ser vestida/vestido e bañada/bañado por outra

persoa: si non

Amosa alerxia cara a algún produto de hixiene ou limpeza.

si non

CONTROL DE ESFÍNTERES:

Controla esfínteres. _____ ¿Cando comezou?

Non controla esfínteres. En que momento está?

VIDA RELACIONAL

Quen a/o coida habitualmente?

Relaciónase con outras nenas e nenos ? _____ Con quen?

Prefire xogar con
maiores? _____

Con quen xoga na
casa? _____

Que xogos lle gustan?

Xoguetes preferidos

NIVEL MADURATIVO

LINGUAXE:

Fala en: galego castelán

Cal é o idioma de _____ comunicación familiar?

Pronunci correctamente con dificultades

Algún aspecto referido á linguaxe do seu fillo/a que consideres relevante?

MOTOR:

Gateou? _____ Cando comezou a andar?

Man que usa con máis asiduidade para comer, coller cousas...

Algún aspecto referido ao seu desenvolvemento psicomotriz que consideres relevante?

SAÚDE

Tivo ou ten algunha enfermidade importante?

Intervencións cirúrxicas?

Tivo algún accidente importante?

Seguiu ou segue algún tratamento?

Algún tipo de
alerxias? _____

Adoita estar enfermo/enferma?

ESCOLARIDADE

Asistiu á escola infantil de primeiro ciclo?

si

non

Dende cando? _____ Áa a

gusto? _____

Semella contenta/contento de vir á

escola? _____

Quen o vai recoller?

Ruta do autobús 1 , 2, 3 ou 4 Parada:

RELIXIÓN

ATENCIÓN EDUCATIVA

TEMPERAMENTO

Indique algún trazo do seu carácter que sexa sobresaínte

Cando ten algún conflito, como o

corríxen? _____

Cal é a súa resposta?

OUTROS ASPECTOS:

¿Tedes ordenador na

casa? _____

¿Conexión a


Internet? _____

¿Dirección de e-

mail? _____

¿Qué expectativas tienes de la etapa de educación infantil?

OBSERVACIONES:




ANEXO 2

PLAN DE ACOLLIDA DE EDUCACIÓN INFANTIL Curso 2021-22

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL
CEIP A. RODRÍGUEZ CADARSO
A BARQUIÑA-NOIA

VÉMONOS EN SETEMBRO. TEE
UNHA REUNIÓN COAS FAMILIA
ANTES DO COMEZO DO CURSO
FALAR DOS HORARIOS,
AGRUPAMENTOS E ACLARAR T
DÚBIDAS QUE TEÑADES DE C
NOVO CURSO.

¡¡BO VERÁN!!



dibujoscolorear.es

CEIP



**PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ
CADARSO
CURSO 2021-2022**

A educación infantil é unha etapa facilitadora do desenvolvemento integral do neno/a, dotándoo das competencias, destrezas, hábitos, actitudes e aptitudes que lle axuden a integrarse na sociedade.

O período de adaptación é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense ao centro escolar -é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido.

Durante o período de adaptación os nenos/as deben adaptarse a novos espazos e materiais, outras persoas adultas, a outros nenos/as e outras situacións de aprendizaxe. A maneira en que vivades as familias a separación do voso fillo/a é fundamental xa que influirá decisivamente na adaptación do mesmo ao centro. Evitar mostrar sentimentos de preocupación, tristeza, medo ... pois os nenos/as os captan e os exteriorizan.

Cómpre que a escola e a familia traballen conxuntamente, en estreita relación para poder conseguir os obxectivos que pretendemos e para facer menos tráxico e custoso este período de adaptación á escola, respectando horarios, agrupamentos, e tendo en conta as normas e recomendacións que expoñemos a continuación.

-É fundamental a regularidade de asistencia á escola e tamén neste período para facilitar a adaptación

dos nenos e nenas.

-O período de adaptación durará as dúas primeiras semanas de colexio do mes de setembro, con grupos e tempos flexibles.

-Unha vez empezado o horario normal os nenos e nenas deberán asistir regularmente o colexio.

-Evitar as mochilas de rodas. Os nenos/as non precisan traer nada á escola, agás unha pequena merenda.

-Non comprar ningún material escolar, nin mandilón, nin similares sen falar previamente coa titora ou titor.

-Non se poderá cambiar de autobús. Cada autobús ten un número limitado de prazas e neste momento hai rutas que xa están completas polo que non poderían coller ningún neno/a máis. Debido a isto non podemos deixar que os nenos/as cambien puntualmente de autobús.

-Prestar atención ás notas informativas que se mandan desde o colexio.

- **Estar atentos ás axudas para material escolar do Concello** (saen sobre o mes de xuño)

- **Para a merenda do recreo:** bocadillos, froita que o neno poida pelar (ou xa pelada) e calquera outro tipo de merenda procurando evitar bolería ou golosinas. (Calendario merendas saudables)

-Se o neno ou nena está enfermo e non pode asistir á escola é preciso avisar. O teléfono do colexio é **881 866 828**

-Na entrada os nenos e nenas colocaranse xunto aos demais de educación infantil na súa fila e incorporaranse á aula co resto dos compañeiros

- **Na saída** o alumnado transportado será acompañado polo profesorado ata a porta exterior onde serán entregados as coidadoras do autobús.

- **Os familiares que recollan a un neno ou nena durante a xornada escolar** deixarán constancia desta situación firmando un escrito en dirección. **As familias dirixiranse sempre ao pavillón principal** e será o conserxe ou o profesorado de garda o encargado de ir buscar o neno/a á aula correspondente e tamén de levalo cando chega tarde.

-**Chamaremos á casa** diante de incidentes eventuais ou extraordinarios que requiran a colaboración da familia. **Por iso é preciso que no colexio haxa un número de teléfono no que sempre se poida localizar a algún familiar.**

- Contémplase unha reunión grupal de principio de curso cos pais e nais (é convinte a asistencia dos dous) así como as entrevistas e reunións individuais en **horario de titoría que será unha tarde a semana** previa cita coa titora.

CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROCESO DE ADAPTACIÓN?

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación, diminuíndo e evitando as tensións, medos, angustias e ansiedades que se poidan provocar.

- Conseguir que a adaptación do alumnado ás escolas sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado acerca do alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relacións entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

RECOMENDACIÓNS PARA OS PRIMEIROS DÍAS

- **Mostrar confianza e seguridade na escola, amosando unha actitudesere e tranquila** de cara á separación que supón a escolarización.
- **Crear actitudes positivas respecto á escola**, dicirlle como se chama o profesorado que lle vai dar clase, falarlle do colexio...
- **Non facer comentarios negativos sobre a escola** evitando ameazas e facendo

que con elas vexa o colexio como un lugar hostil.

- **Facilitar información á persoa docente** que poida ser de interese e sirva par un maior coñecemento do neno ou nena (datos relevantes sobre a saúde do neno/a, alerxias, enfermidades, situación familiar (pais divorciados...)).
- **Coñecer e prever cales son as reaccións máis habituais no alumnado durante este período:** alteracións do sono, rabietas, choros, vómitos, agresividade, regresión no control de esfínteres ... para ser constantes e non ceder a posibles chantaxes.
- **Establecer na casa unha serie de normas e responsabilidades axeitadas a súa idade.** Non é tarefa exclusiva da escola a imposición de normas e responsabilidades, tamén teñen que existir na casa.
- **É importante** que o neno ou nena sinta unha separación afectiva pero evitando dramatismos e evitando facela demasiado longa. Non prometer nunca o que non se vai a cumprir.

É preciso:

- Conversar, escoitar e interesarse polas actividades da escola.
- Darlle modelos lingüísticos correctos con boa pronunciación e vocabulario axeitado sobre todo no caso de nenos/as que teñan problemas na fala.
- Restarlle importancia a determinados incidentes que ó neno ou nena lle poidan

parecer moi graves.

- Lerlles contos.
- Respectar horarios de sono, comidas ...
- Controlar o tempo diante do televisor.
- Facilitar a relación de xogo con outros nenos/as.
- Non fomentar á agresividade e condutas violentas, resolver os conflitos a través da mediación.
- Facilitar a relación con outros ambientes e persoas fóra do núcleo familiar, acostumando ó neno ou nena a estar separado dos pais e nais por unhas horas.
- Traballar hábitos de hixiene e autonomía durante o verán, non se cambian nenos/as.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

-Roupa cómoda para que poida ir ó bater sen dificultades de tirantes, petos, cintos ...

-Calzado que non leve cordóns; de levalos, procurar que sexan planos; cando sexan tenis que sexan con velcro.

-Puntualidade no horario de entrada e saída da escola.

Os primeiros momentos da clase son claves para a adquisición de hábitos e rutinas diarias